

PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Solicitada axuda á Consellería de Economía, Emprego e Industria en base á **Orde do 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural)**, para a realización de tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou outras tarefas de valorización forestal (TR351G), e recibida notificación de concesión,

DISPOÑO:

- Incóese expediente para a contratación de **2 persoas desempregadas** inscritas no Servicio Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- Os contratos a formalizar serán a xornada completa de 37,5 horas semanais, por un período de 9 meses, clasificados no grupo E. Desenvolverán traballos de interese xeral ou social que consistirán na limpeza e adecuación de zonas públicas encadradas dentro da masa forestal como poden ser pistas forestais municipais, rutas de sendeirismo, rutas de bicicletas, etc.
- Incorpórense ó expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demais documentación complementearia prevista na Lei.
- Preséntese a correspondente oferta de traballo na oficina de emprego de Cambados.

Documento asinado electrónicamente á marxe.